Arrhenatherum elatius (L.) P.Beauv. ex J.Presl & C.Presl., 1819

- nocella, mel de raposo, h. das doas, h. das contas, conteira, marcuria
- porrilla, chupamieles, hierba triguera, mazorra
- arrosario belar
- fromental, fromental gros, fenàs de cebetes, fenás de riu
- false oatgrass, button-grass, hypocist
- fromental, avena falsa alta



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Liliopsida**	**Poales**	**Poaceae**	***Arrhenatherum***

ORIXE

Europa, norte de África e oeste de Asia.

CARACTERÍSTICAS

Herba pouco cespitosa, con talos de ata 150 cm, ás veces provistos na base de 1-6 entrenós engrosados que aparentan tubérculos superpostos ou doas. Follas con lígula truncada ou obtusa, ciliada. Inflorescencia en panícula bastante variable, con espículas de 7-10 mm. A lema da flor inferior é de 6-9 mm, con aresta de 12-17 mm, que xorde do terzo superior. A lema da flor superior non ten aresta, ou ás veces ten aresta terminal de ata 3 mm.

HÁBITAT

Prados de sega, pasteiros, claros de bosques, preferindo solos ben drenados, de pH neutro a alcalino, e con humidade moderada, aínda que é resistente a secas estivais e ausente en zonas moi pisoteadas ou enchoupadas.

DISTRIBUCIÓN

Introducida e estendida por rexións temperadas e frías de case todo o mundo, incluíndo América do Norte e Chile.

CURIOSIDADES

É unha das principais gramíneas forraxeiras en moitos prados, valorada polo seu alto contido en calcio e fósforo, o que a converte nun alimento beneficioso para o gando.